

## CERTIFICACIÓN

**José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 07 de agosto de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO CUARTO. DECLARACIÓN COMO DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA PARA A INSERCIÓN LABORAL PARA PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RENOVA VII.. EXPEDIENTE GD . EXPEDIENTE GD 10129/2025**

*O artigo 15 da Orde de 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, determina o obxecto e duración dos incentivos á contratación temporal en empresas das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego coa finalidade de promover a súa inserción laboral, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.*

*Por resolución de 18 de outubro de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, outorgouse unha subvención ao Concello de Ames e Brión para o Obradoiro dual de emprego “Renova VII” na que se recolle a concesión de unha partida máxima subvencionada de 10.500 €, coa finalidade de financiar a contratación mediante unha axuda de 1.500 € por contrato subvencionado ata un total máximo de 7 contratos.*

*A Xunta de Goberno Local do concello de Ames por acordo do 12 de xuño de 2025, aprobou as bases da convocatoria de axudas a través de incentivos para a contratación por conta allea para a inserción laboral de persoas participantes no obradoiro dual de emprego “Renova VII”, sendo publicado o texto completo na Base de Datos Nacional de Subvencións e o extracto da convocatoria o 20 de xuño de 2025 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

*Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 10 de xullo, ningunha empresa presenta en prazo solicitude e documentación que acredite cumprir cos requisitos previos establecidos no artigo 5.1 para ter a condición de entidade beneficiaria das axudas.*

*De conformidade co establecido no artigo 10 das Bases da Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea para a inserción laboral para persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego “Renova VII”, a Concellería delegada en materia de Promoción Económica ten o carácter de órgano instructor deste procedemento.*

*Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola normativa vixente.*

*Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, verificouse que ningunha empresa concorreu á convocatoria, ao non existir solicitudes no prazo e lugar de presentación*

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
07/08/2025 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD1333F0F4D2  
07/08/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:  
Secretario accidental  
Alcalde

NOME:  
PARDO MARTINEZ, ROGELIO  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21E0A89EA1DBEE245A9

establecidos nas bases (Art. 8).

Figura no expediente, informe proposta da concesión das axudas da concellería de Promoción económica (31.07.2025) [\(CSV:15220IDOC24EA46B5280CD454A8E\)](#) .

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023 BOP nº 120 do 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Declarar deserto o procedemento de concesión de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea de persoas participantes no Obradoiro de Emprego Renova VII por non presentarse ningunha solicitude.

**Segundo.** Anular a fase contable de autorización do gasto.

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados, aos efectos oportunos

**Cuarto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.es para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 07.08.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez